

## BOSQUE DE SOMBRAS



**Tít. orixinal:** Bosque de sombras (BackWoods)

**Ano:** 2006

**Duración:** 96 min.

**País:** España

**Dirección:** Koldo Serra

**Guión:** Koldo Serra

**Música:** Fernando Velázquez

**Fotografía:** Unax Mendía

**Reparto:** Gary Oldman, Paddy Considine, Aitana Sánchez-Gijón, Virgine Ledoyen, Lluís Homar, Yaiza Esteve, Andrés Gertrúdix

**Producción:** Filmax Entertainment / Monfort Producciones

**Xénero:** terror

**Sinopse:** Norte de España, finais dos 70, o verán máis cálido dos últimos anos. Norman (Paddy Considine) e Lucy (Virginie Ledoyen) son un matrimonio inglés que non atravesa o seu mellor momento. Unhas vacacións xunto a uns amigos, Paul (Gary Oldman) e Isabel (Aitana Sánchez-Gijón) pasa por ser a solución. Lonxe de Londres, o que se presenta como un idílico fin de semana de natureza e caza no caserío recentemente comprado por Paul, non acabará como eles desexaran. O choque cultural cos do lugar encabezados por Paco (Lluís Homar) e o encontro fortuíto dunha casa abandonada, desencadeará unha espiral de violencia entre eles.

## CRÍTICA

por Tònia Pallejá

(tomado de <http://www.labutaca.net/>)



Da posta de longo do ata entón exitoso curtametraxista Koldo Serra, despréndense varias ideas e todas elas moi positivas. Para comezar, que o director bilbaíno non soamente viu moito cine, senón que tamén ten un inusitado oficio para facelo, e que, ademais, demostra bo gusto, humildade e auténtica paixón para ambas cousas. E que, si ben é verdade que "Bosque de sombras" non sentará precedente pola orixinalidade nin pola transcendencia argumental da súa proposta, cousa que tampouco pretende – o que non quita para que a súa rica mestura de xéneros, conceptos e texturas xeográficas resulte sorprendentemente fresca, atractiva e, sobre todo, entretida -, non é menos certo que nos atopamos ante unha película tan ben contada, tan coidada e ben facturada a nivel de produción e tan potente no plano visual que debería converterse en modelo a seguir dentro do panorama nacional, tanto para outros autores noveles como para, atención, os máis consagrados. Pero é que, por si fora pouco, tampouco ten nada, absolutamente nada que envexar á media de produtos de xénero procedentes da cinematografía estadounidense, á que supera en moitos casos. Así pois, para os que gusten de orgullos patrios, "Bosque de sombras" alimentará sen lugar a dúbidas o seu fervor, mentres que para aqueles que continúan escapando do cine español, a cotío non sen motivo, aquí teñen a excepción que lles devolverá a fe.

Debedora declarada de clásicos como "Cans de palla" de San Peckinpah e "Defensa (Deliverance)" de John Boorman, e lanzándolle, en menor medida, chiscadelas a "Grupo salvaxe", pero sen que a súa influencia desprenda en ningún momento ese molesto e pretencioso tufiño a pastiche remendón, este thriller rural con evidentes tinturas de *western* logra sacar un excelente partido do encontro dos códigos do cine americano setenteiro cun compoñente máis autóctono que, sen chegar a emborrallala, concédelle unha grata

personalidade propia. Ambientada nos anos 70 no norte de España, "Bosque de sombras" percorre os terreos da incomunicación e a violencia sorteando calquera posible indicio de lectura política e abrazando, incluso, máis alá do sinxelo pasatempo de xénero, un carácter universal de fábula humana onde o terror e a intriga se abastecen, nacen, do drama, onde os bosques exercen como trasunto da salvaxe natureza do home e onde ata as fronteiras do Ben e do Mal se poñen en interdito.

Incomunicación entendida como choque cultural que se produce entre dúas parellas de veraneantes ingleses e os pouco amistosos lugareños, pero tamén como a distancia que se abre no seo dun matrimonio ou como as diferentes formas de entender e afrontar unha traxedia, nunha película na que o segredo, o silencio, aquilo que se oculta e agarda ao axexo, é practicamente un *leit motif*. É unha violencia que estalla en espiral cando uns tipos comúns enfróntanse a unha situación extraordinaria para, finalmente, rebelar o seu absurdo. No fondo da historia latexa un deses sórdidos relatos sacados da crónica negra máis negra que, en última instancia, tamén serve para replantexarse si existe unha única forma de entender as cousas e se a máis válida para un mesmo tamén ten que selo necesariamente para os demais.

A labor de Serra tras a cámara poderíase resumir nunha frase tan sinxela como elocuente: esta non parece a súa ópera prima. Cunha contención e sobriedade modélicas, tomándose sempre o seu tempo, o xusto e necesario, para desenvolver os feitos, e poñendo, sobre todo, de manifesto unha capacidade visual tan elegante como magnética, que nos regala algunhas escenas e planos deses que se quedan pegados á retina, ao realizador vasco nunca lle treme o pulso á hora de cautivarnos cunha narración de nervio temperado, fluída e sen notábeis altibaixos, onde a tensión e a incomodidade se mastigan no ambiente. Á beleza natural das paisaxes vascas e navarras súmase o gran traballo de fotografía de Unax Mendía e unha mimadísima dirección artística que dan coma resultado unha desas ambientacións que quitan a voz. En poucas películas se sente a caricia da luz ou o olor da terra mollada e da madeira como nesta.

Fronte a outras producións que usan o "efecterío" barato como única arma de sedución, "Bosque de sombras" aposta pola historia, a atmosfera e o bo facer, alcanzando grandes resultados. En resumidas contas, unha película que, pese a non contar nada excesivamente novo, atrápate pola forma tan soberbia coa que está explicada; que, sendo entretida, supera a sinxela evasión; que, aínda que non persegue facer Historia, gáñase un posto na memoria e debería crear escola. Unha gratísima sorpresa.

